



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno para o 04.09.2026

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 4 de setembro de 2026 ás 14:15 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación das actas de sesións anteriores: sesión extraordinaria e urxente do 29.07.2026 e sesión extraordinaria do 04.08.2026
2. Aprobación da Conta Xeral do Concello de Miño correspondente ao exercicio 2025
3. Fixación dos días festivos locais para o ano 2027
4. Solicitude do "POS+ ADICIONAL 2/2026"
5. Aceptación das condicións impostas polo Servizo de Litoral para a legalización de canalización de rede separativa de saneamento na rúa Extremeiro
6. Aprobación da adaptación do actual Plan de Axuste do Concello de Miño para o período 2025-2060 ao contido do Plan de Sostibilidade Financeira 2025 (Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 21 de abril de 2025)

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. A secretaria acctal. municipal

María del Carmen Dopico Sanjuán